

Universidad de Vigo

ORIENTACIÓN DE LOS PROGRAMAS	Tipología	Denominación	Modalidad: presencial (P), virtual (V), mixta (M)	Duración en horas	Objetivos generales	Observaciones
TIC	Curso	Curso avanzado de creación de sitios web	P	16	Explicar as características fundamentais dos sitios web dinámicos, como instalar e configurar un servidor web, usar un xestor de base de datos, crear os seus propios formularios para o envío e almacenamento de datos, deseñar páxinas web de acceso restrinxido, crear os seus propios sistemas de información, crear xogos de páxinas mestres para sitios de comercio electrónico, uso de CSS para deseñar as páxinas...	
	Curso	Aplicacións educativas da Web 2.0	P	20	Coñecer as características e posibilidades da nova Web 2.0 Revisar exemplos de aplicacións e ferramentas de interese Analizar as utilidades educativas destas ferramentas Aprender a crear blogs e wikis	
	Curso	Openoffice e o seu uso na docencia universitaria	P	10	Familiarizarse coas distintas aplicacións que compoñen o paquete Openoffice, o equivalente en software libre ao Microsoft Office, con algunha aplicación máis, como o programa de debuxo	
	Curso	Linux na docencia universitaria	P	10	Explicar a usuarios habituais de Windows que Linux ofrece as mesmas funcionalidades, é igual de doado en canto ao seu manexo, e enriba non custa nada.	
	Curso	Curso obradoiro de creación de páxinas web persoais	P	16	Preténdese acadar a capacitación adecuada para a creación de páxinas web persoais que inclúa contidos relacionados coa docencia, información xeral, investigación, etc.; sen descoidar o aspecto básico do deseño, de tal xeito que o resultado final dunha publicación web sexa "esteticamente" aceptable. Debido ao carácter dinámico dos contidos destas páxinas web tamén se amosará como poder manter as páxinas e a información asociada ás mesmas, así como a súa posterior publicación en buscadores.	
	Curso	Uso docente do programa Jclíc	P	9	Coñecer o contorno Jclíc. Familiarizarse coas posibilidades didácticas que ofrece Jclíc. Realizar o proceso completo de instalación de Jclíc nun ordenador. Coñecer e manexar as posibilidades de Jclíc para a realización de actividades multimedia. Integrar diferentes recursos multimedia nas actividades.	
	Curso	Dereito 2.0	P	20	Introdución á actualidade no mundo da Web e á importancia que están adquirindo os novos medios sociais. Mostrar as características e posibilidades da nova Web 2.0. Coñecer as principais ferramentas da Web 2.0. Comprobar mediante exemplos prácticos as aplicacións da Web 2.0 no ámbito xurídico. Analizar as utilidades educativas destas ferramentas. Coñecer o valor do desenvolvemento da identidade/reputación dixital.	
DOCENCIA EN LÍNEA	Curso	A creación de contidos didácticos para a docencia online	M	22	A finalidade do curso é proporcionar ao profesorado un método sistemático na elaboración e adaptación de contidos para a docencia online.	
	Curso	Como deseñar contornas virtuais non sexistas para a aprendizaxe universitaria	M	20	Coñecer criterios e pautas para o deseño non sexista de contornas virtuais de aprendizaxe. Facer un uso non sexista das plataformas virtuais para promover a aprendizaxe universitaria. Coñecer exemplos prácticos de materias deseñadas en contornas virtuais con perspectiva de xénero. Elaborar recursos e tarefas de aprendizaxe con perspectiva de xénero.	
	Curso	Planificación e deseño dunha materia na plataforma TEMA dende unha perspectiva pedagóxica-práctica	M	18	Adquirir nocións prácticas sobre o uso e funcionamento das distintas ferramentas dispoñibles na plataforma Claroline para o deseño, a publicación e a administración de cursos virtuais (de apoio á docencia presencial, semipresenciais ou exclusivamente virtuais). Planificar, deseñar e elaborar material docente para unha materia empregando a plataforma TEMA. Presentar distintas experiencias de aplicación e uso da plataforma. Intercambiar, entre o profesorado, experiencias sobre o uso da plataforma TEMA no ensino universitario.	
	Curso	Deseño técnico e didáctico dun e-portafolio	P	24	Aprender a utilizar, deseñar e valorar o uso do portafolio no proceso de ensino-aprendizaxe. No EEES tanto estudantes como profesores/as deberán afrontar novos roles. Para conseguir unha aprendizaxe enfocada nas competencias será preciso a utilización das TIC, para facilitar o traballo de profesorado e estudantes. Neste contexto o e-portafolio é unha ferramenta formativa e de avaliación onde a reflexión é a novidade máis característica. Un elemento que proporciona calidade ao proceso de ensino-aprendizaxe. A finalidade do curso é facilitar ao profesorado unhas competencias técnicas e metodolóxicas na creación e utilización dun e-portafolio utilizando o soporte dunha materia virtual. Introduciranse os elementos básicos e os pasos necesarios para a construción dun eportafolio. Analizaranse de forma práctica as diferentes ferramentas ao dispor do/a profesor/a nunha plataforma de aprendizaxe virtual e que son de interese para a construción dun e-portafolio. A partir dunha acción formativa presencial con soporte virtual proporase un modelo de actuación que aborde a construción e uso dun e-portafolio.	
Curso	Deseño de e-actividades no marco do EEES	M	60	Ten como obxectivo primordial revisar e dar a coñecer os criterios fundamentais para o deseño de actividades que se van desenvolver, na súa maior parte, en ámbitos virtuais de ensino-aprendizaxe. Tamén centrarase na comprensión do rol que as e-actividades deben ter nos escenarios descritos e en distinguir os criterios fundamentais a ter en conta na selección destas e no seu deseño. Tras este marco situacional, internarémonos en: Actividades baseadas en casos e/ou problemas Actividades de comunicación asincrónica Actividades de avaliación por competencias		
Acciones de innovación docente en TIC	Convocatoria	Proxectos de Innovación Educativa			O obxectivo deste programa é apoiar proxectos encamiñados ao deseño e implantación de accións de innovación educativa na docencia da Universidade de Vigo. Preténdese fomentar a aplicación práctica das innovacións desenvolvidas e a súa transferencia non só á docencia do profesorado involucrado directamente, senón tamén ao de toda a Universidade.	Uno de los ámbitos de actuación es: Uso de novas tecnoloxías e deseño da súa aplicación práctica
Acciones de innovación docente en DOCENCIA EN LÍNEA						